

AG/jf

INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, en relación co **Expediente de modificación do orzamento: 01/2026**, que contén un expediente de créditos extraordinarios "EXT. 01/26", outro de suplementos de créditos "SUP 01/26", mais a Modificación do Anexo II das bases de execución, emítese o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigos 177, 179 e 180 do TRLRFL, aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigos 34 a 38 e 40 a 42 do R.D. 500/1990, de 20 de abril (RD).
- Artigos 2, 3, 11, 12, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Acordo do Consello de Ministros de 13 de decembro de 2023, polo que se fixan os obxectivos de estabilidade e teito de gasto non financeiro das Administracións Públicas para 2024-2026.
- Bases de execución do orzamento.

FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONÓMICOS

Este expediente financíase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Respecto do cumprimento da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, periodicamente infórmase sobre o cumprimento, polo tanto, non procede incorporar ao expediente un informe específico.

En relación coas subvencións nominativas que se relacionan neste expediente, será necesario que se xustifique, cando se tramite o procedemento da súa concesión, a imposibilidade ou a dificultade para a súa concesión mediante procedementos de concorrencia competitiva.

Este expediente de modificación de crédito, en función das obrigas que se cheguen a recoñecer ao longo do exercicio podería dar lugar na liquidación do orzamento ao incumprimento de dita Lei de Estabilidade. Si ben, non cabe admitir que o seu emprego para financiar investimentos ocasione unha situación de déficit estrutural, xa que as aplicacións obxecto da modificación corresponden con investimentos que ao longo do exercicio posiblemente acaden un nivel moi baixo de execución, probablemente non se chegue a recoñecerse obrigas no exercicio 2026



AG/jf

Ademais, as aplicacións obxecto da modificación, non supoñen a asunción de novas actividades ou servizos por parte da Deputación, que impliquen un incremento no futuro dos gastos de funcionamento, mantemento ou conservación.

A tramitación destes expedientes respecta o equilibrio orzamentario.

A tramitación destes expedientes esixe os trámites seguintes:

- Ditame da Comisión Informativa.
- Acordo Plenario.
- Exposición ó público polo prazo de 15 días hábiles.
- Acordo Plenario de resolución de reclamacións, se fose o caso e, aprobación definitiva.
- Publicación do resumo por capítulos no B.O.P.

CONCLUSIÓN

Infórmase favorablemente este expediente de modificación do presuposto, xa que cumpre cos requisitos establecidos na normativa, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como en relación cos recursos que os financian.

Asinado dixitalmente ao marxe.

